

DECRETO NÚMERO 13002887 DO 26/03/2013

Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dous de abril de dous mil oito, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 090 de data 19.04.2008.

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 5.12.2012, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluída na referida Oferta de Emprego.

Ditas bases foron modificadas polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de datas 26 de decembro de 2012 e 23 de xaneiro de 2013.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como en virtude do Decreto número 12010330, de 27 de novembro de 2012 e do acordo nº 11/47 da Xunta de Goberno Local, do 30 de xaneiro de 2013, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 (modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012, modificacións que foron publicadas no BOP número 051, do 4 de marzo de 2009 e no BOP número 33, do 8 de febreiro de 2013) e polas bases específicas aprobadas por dito órgano na sesión do 5.12.2012 (modificadas por dito órgano nas sesións de datas 26.12.2012 e 23.01.2013), que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.”

1º.- **OBXECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial, do

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1EnxTecnicoIndustrial.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Enxeñeiro Tecnico Industrial, c.e.t

cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL", aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18 de febreiro de 2009 e do 26 de decembro de 2012.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ó/á aspirante nomeado/a, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: técnica
 - Clase: media

3º.- SISTEMA SELECTIVO. De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

Título de Enxeñeiro Técnico Industrial ou Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de Enxeñeiro/a Técnico/a Industrial.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

Ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 17,30 €, de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame ó establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na páxina web do mesmo.
- d) Do mesmo xeito, deberá xuntarse á instancia os méritos que a persoa aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso.

6º.- PROCESO SELECTIVO

1.- Fase de concurso.

Para a fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:

PRIMEIRO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figuran na base décimo quinta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

SEGUNDO EXERCICIO. Teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou dos que integran o temario de materias específicas. A duración máxima para este exercicio será de tres horas.

TERCEIRO EXERCICIO. Práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de dúas horas un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza da praza.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que a terse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1EnxTecnicoIndustrial.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Enxeñeiro Tecnico Industrial, c.e.t

1. Contratación das Corporacións Locais. Formas de Contratación. Perfeccionamento e formalización do contrato. Garantías provisional e definitiva. Cumprimento do Contrato. Recepción das obras. Formas de extinción do contrato.
2. As licenzas e autorizacións municipais de actividade. Actividades sometidas e non sometidas a incidencia ambiental. Regulación e procedemento de outorgamento. Comprobacións e inspeccións.
3. Informes municipais de actividades. Informes en fase de proxecto e inspección. Normativa de aplicación.
4. Normativa sobre locais destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. Especial referencia ó Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, aprobado polo Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto. Requisitos e condicións esixibles para a construción ou transformación de edificios e locais para destinalos a espectáculos propiamente ditos. Precaucións e medidas contra incendios. Autoprotección. Campos de deportes, recintos e instalacións eventuais. Licenzas de construción ou reforma e de apertura. Organización dos espectáculos e actividades recreativas. Intervención das autoridades administrativas. Infraccións e sancións.
5. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.
6. O Plan xeral de ordenación urbana de Lugo. Réxime dos usos do solo urbano: condicións xerais e clasificación dos usos. Condicións de hixiene e estética nos edificios.
7. Normas sobre accesibilidade urbanística na edificación. Medidas mínimas de accesibilidade. DB-SUA: seguridade de utilización e accesibilidade.
8. Lexislación en materia de protección contra incendios. Regulación da seguridade contra incendios en actividades en a edificación. Medidas de protección contra incendios. Clasificación dos materiais construtivos en función da reacción e resistencia ó lume.
9. Requisitos acústicos básicos na edificación. Especial referencia ó Código técnico da edificación, e diferenzas máis importantes respecto á NBE-CA-88.
10. Atribucións dos Concellos en materia de contaminación acústica. Normativa municipal sobre contaminación acústica. Condicións esixibles ás actividades.
11. O ruído. Presión, intensidade e potencia acústica e sonoridade. Unidades e índices de valoración. O proceso de medición. Instrumentación en medidas acústicas. Metroloxía legal.
12. Illamento acústico. Illamento entre recintos a ruído aéreo e a ruído de impacto. Conceptos básicos sobre a metodoloxía de medida e valoración.
13. Illamento acústico de vibracións. Principios físicos básicos. Descrición dos sistemas illantes máis habituais.
14. Propagación do son: en campo libre, no interior dun local e entre recintos. Sistemas de control de ruído: illamento, apantallamento e absorción acústica. Tempo de reverberación no interior de recintos.

15. Protección do medio ambiente. Procedementos ambientais. Normativa. Contaminación atmosférica. Normativa. Condicións esixibles ás actividades. Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera.
16. Fases do control metrolóxico. Normativa. Especial referencia á instrumentación acústica.
17. Contaminación das augas. Orixes da contaminación. Alteracións físicas: cor, cheiro, sabor, temperatura, materia en suspensión, formación de espumas. Alteracións químicas e biolóxicas.
18. Contaminación atmosférica. Contaminantes máis importantes. Materias sólidas. Compostos do xofre. Compostos do nitróxeno. Compostos inorgánicos do carbono. Compostos orgánicos. Ozono. Metais.
19. Efectos dos contaminantes atmosféricos sobre a saúde humana, os ecosistemas e os materiais. Criterios da calidade do aire. Métodos de control. Bioindicadores utilizables en contaminación atmosférica.
20. Métodos de depuración de gases. Procesos de separación de partículas: gravidade, inercia, forza centrífuga, interposición e precipitación electrostática. Procesos de depuración de gases: absorción, adsorción, combustión e redución catalítica.
21. Métodos de depuración de augas. Tratamentos físicos: filtrado, desareado, desengraxado, sedimentación, flotación. Tratamentos químicos: coagulación, floculación, oxidación-redución e desinfección. Tratamento dos lodos.
22. Residuos sólidos urbanos. Tipoloxía. Xestión. Normativa de aplicación.
23. Rozamento. Rozamento por adherencia e por escorregamento. Rozamento en cuñas e parafusos. Resistencia de rodadura
24. Máquinas simples: plano inclinado, cuña, parafuso, panca, roda, polea, torno e mecanismo biela-manivela.
25. Combustibles de orixe fósil. Combustibles líquidos. Viscosidade. Poder calorífico. Punto de inflamación. Almacenamento e distribución.
26. Combustibles gaseosos. Almacenamento e distribución. Familias de gases combustibles. Condicións normais e reais dun gas. Poder calorífico. Punto de rosada. Tipos de combustión. Control da combustión.
27. Resistencia de materiais. Principios. Diagrama de tensións-deformacións. Lei de Hooke e módulo de elasticidade. Tensión admisible e de seguridade.
28. Solicitacións mecánicas. Tracción e compresión. Cortadura. Torsión. Flexión. Ecuación da flexión. Esforzos cortantes e momentos de flexión. Pandeo.
29. Cálculo mecánico de cables en redes eléctricas. Ecuación de cambio de condicións. Tense máximo. Coeficiente mínimo de seguridade. Sobrecarga nos cables. Vano ideal de regulación. Táboas de tendido. Parábola máxima e mínima. Eolovano. Gravivano. Desviación transversal de cadeas de suspensión nun apoio de aliñación. Apoio en ángulo. Tipos de apoios. Determinación do carácter ascendente ou descendente dunha cadea de illadores.
30. Estruturas metálicas. Proceso de cálculo de vigas simples. Curva elástica de deformación.
31. Estruturas trianguladas. Emprego na enxeñería. Fundamentos teóricos. Cálculo de esforzos axiais: Métodos de Cremona e Ritter.

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1EnxTecnicoIndustrial.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Enxeñeiro Tecnico Industrial, c.e.t

32. Motores de combustión interna. Punto morto inferior e superior. Diagrama de traballo dun motor de explosión de catro tempos. Grao de compresión.
33. Turbomáquinas. Tipoloxía. Constitución básica. Turbinas hidráulicas. Turbinas de gas. Compresores.
34. Correntes de cortocircuíto en liñas trifásicas. Cortocircuíto tripolar. Corrente inicial de cortocircuíto tripolar. Períodos de cortocircuíto. Impedancia de máquinas. Relación entre valores absolutos en ohmios e relativos en tanto por cento.
35. Caída de tensión en corrente alterna. Parámetros de liña. Efecto da indutancia e capacitancia nunha liña eléctrica trifásica.
36. Corrente continua. Xeración e distribución de corrente continua. Máquinas de corrente continua: dínamos e motores. Tipoloxía en función da excitación. Fenómeno de conmutación e de reacción de inducido.
37. Transformadores trifásicos. Relación de transformación nominal. Debendados. Desfase entre primario e secundario. Bornes do transformador. Polaridade dos bornes. Grupos de conexión. Tensión de cortocircuíto. Caída de tensión óhmica. Tensión de dispersión. Perdas e rendemento dun transformador. Ventilación de celas.
38. Corrente alterna. Distribución trifásica. Conexións en estrela e triángulo. Máquinas de corrente alterna: Alternadores, transformadores e motores.
39. Producción de campos magnéticos xiratorios mediante correntes alternas. Teorema de Ferraris. Motor de corrente alterna trifásico. Motor síncrono e asíncrono. Compensador síncrono. Motor síncrono-sincronizado. Alternador asíncrono. Arranque de motores.
40. Máquina síncrona de corrente alterna. Constitución básica. Tipoloxía. Principio de funcionamento como alternador. Dispersión de fluxo. Reacción do inducido. Reactancias. Circuito equivalente. Emprego da máquina síncrona como motor
41. Máquina asíncrona de corrente alterna trifásica. Tipoloxía e constitución básica. Principio de funcionamento como motor. Modelo e circuito equivalente. Funcionamento coma xerador, motor e freo. Control de velocidade en motores asíncronos.
42. Transformador monofásico de corrente alterna. Constitución básica. Principios de funcionamento. Modelo equivalente. Ensaio de baleiro e cortocircuíto. Transformación de corrente trifásica.
43. Almacenamento de produtos químicos, regulamento e instrucións técnicas complementarias. Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Inscricións das instalacións. Obrigas e responsabilidades. Control das instalacións. Accidentes. Almacenamento conxunto.
44. Seguridade no traballo. Actividades industriais e consideración sobre a súa localización. Disposicións sobre os lugares de traballo. Instalacións eléctricas. Salas de caldeiras. Instalacións de frío. Almacenamento de produtos inflamábeis. Traballos con produtos e materiais perigosos. Condicións ambientais. Vías de circulación. Acceso a máquinas.
45. Efectos da corrente eléctrica sobre o corpo humano. Tipos de correntes. Intensidade e tempo de contacto. Resistencia do corpo humano. Tensión de

PERSOAL

MLP/egp

Refª: 13drconvocatoria1EnxTecnicoIndustrial.doc

Asunto: Convocatoria 1 praza Enxeñeiro Tecnico Industrial, c.e.t

- contacto e de paso. Tipos de contactos. Instalacións eléctricas en locais húmidos, mollados e con risco de explosión.
46. Formigón armado. Compoñentes e dosificación. Características do formigón fresco e endurecido. Ensaio e control do formigón.
 47. Execución de formigonados: cimbras, encofrados e moldes. Dobrado e colocación das armaduras. Posta en obra do formigón. Xuntas de formigonado. Formigonado en tempo frío e caloroso. Curado do formigón. Descimbrado, desencofrado e desmoldeo.
 48. Durabilidade do formigón. Corrosión das armaduras. Accións no formigón estrutural. Clasificación e valores característicos.”

SEGUNDO.- Sinalar que, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, o prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.